

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE MARZO DE 2021

Ás 12:05 horas do día 4 de marzo de 2021, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 1 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Beatriz Domínguez Pereira, por ausencia da xefa da Área de Recursos Humanos (asiste ao punto 11a)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 3)
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 9, 10 e 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241)

A secretaria informa aos membros da Mesa dos licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.

Os licitadores presentados na Plataforma de Contratos do Sector Público son os seguintes:

1. ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.
2. ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L.
3. CANARIAS SPORTS HOLIDAYS, S.L.
4. CELTA INGENIEROS, S.L.
5. CLICK COIN, S.L.
6. COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L.
7. CPQ IBERICA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:45	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A14A-55DB8C-A73925-QSPFT6-4XK4TC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. DARLIM, S.L.U.
9. EFI HIGIENE, S.L.U.
10. GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.
11. IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO, S.L.U.
12. IRAGO, S.A.
13. MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L.
14. MAPE ASESORES, S.A.
15. OFIPAPEL CENTER, S.L.
16. PAPEL AUTOMATIC, S.A.
17. PAZ DISMAC, S.L.
18. PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L.
19. QUIMICA FACIL, S.L.
20. ROYAL PROGRESS, S.L.
21. SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
22. TESIS GALICIA, S.L.
23. TIENDAS MARPI, S.L.
24. TORROVAL Y LOPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral:

*“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 08/02/2021 para a contratación polo procedemento aberto da **“Adquisición de diverso material necesario para reducir o risco de contaxio de COVID-19 por exposición a coronavirus SARS-CoV-2 do persoal municipal. Expte 6527-241”**, que rematou o día 25 de febreiro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes e conforme a cláusula 14.3 de dito prego as entidades mercantís que a continuación se relacionan presentaron mostras a través do rexistro xeral do Concello*

1. ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (DOC. 210030894).
2. ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUIMICOS, S.L. (DOC. 210025763).
3. CELTA INGENIEROS, S.L. (DOC. 210031423) (presentada por correo postal: consta data de imposición na oficina de correos dentro do prazo e anuncio de remisión das mostras mediante correo electrónico ofi.rexistro@vigo.org)
4. CLICK COIN, S.L.(DOC. 210030808).
5. COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 S.L. (210029913).
6. DARLIM, S.L.(DOC. 210030814).
7. GAMMA SOLUTIONS, S.L. (DOC. 210030020 e 210031031).
8. B47692348 I+DEAS DIVISION COSMETICA S L (DOC.210028935).
9. IRAGO EXCLUSIVAS Y DISTRIBUCION, S.A.(DOC. 210030771).
10. MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L. (DOC. 210030043) (presentado paquete o 24/02/2021 por mensaxería MRW e remisión mediante correo electrónico informando do envío)
11. MAPE ASESORES, S.A.(DOC. 210028986).
12. OFIPAPEL CENTER, S.L.(DOC. 210027387) (mediante correo electrónico avisa do envío).
13. PAPEL AUTOMATIC, S.A. (DOC. 210028952).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:45	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A14A-55DB8C-A73925-QSPFT6-4XK4TC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



14. PAZ DISMAC, S.L.(DOC. 210030125 e 210030131).
15. PRODUCTOS MEDICOS HOSPITALARIOS, S.L.(DOC. 210032416) (presentada por correo postal: consta data de imposición na oficina de correos dentro do prazo e anuncio de remisión das mostras mediante correo electrónico(ofi.rexistro@vigo.org) mediante correo electrónico(ofi.rexistro@vigo.org))
16. QUIMICA FACIL, S.L.(DOC. 210030844).
17. TESIS GALICIA, S.L.(DOC. 210030598).
18. TIENDAS MARPI, S.L.(DOC. 210028235) (presentada por correo postal: consta data de imposición na oficina de correos dentro do prazo e anuncio de remisión das mostras mediante correo electrónico(ofi.rexistro@vigo.org) mediante correo electrónico(ofi.rexistro@vigo.org))
19. TORROVAL Y LOPEZ SERVICIOS PROFESIONALES S L (DOC. 210028213).

Así mesmo faise constar:

A) No prazo de licitación no rexistro xeral presentouse

20. EGOITZ VARELA MATO, MANIFESTA SER REPRESENTANTE DE QUICELCO GALICIA 2020, S.L, achega documentacion administrativa (DOC. 210029519, 210029520 e 210029524) e QUICELCO GALICIA 2020, S.L achega mostra (DOC. 210030926, 210030932 e 210030938).

B) Presentadas en data de imposición na oficina de correos dentro de prazo de licitación pero sen que conste recepción de anuncio de remisión das mostras ao correo electrónico ofi.rexistro@vigo.org.

21. MA INVEST SPAIN 2018, S.L.(DOC. 210031436), paquete entregado por correos o 26/02/2021, etiqueta xustificativa de correos de data 23/02/2021.
22. SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (DOC. 210031444, 210031459 e 210032319). Son paquetes con data xustificativa de correos 25/02/2021 e entregados os paquetes os dous primeiros documentos o 26/2/2021 e o último o 01/03/2021.

C) Posterior a data de finalización do prazo e na datas que continuación se relacion foron rexistradas as seguintes mostras remitidas por servizo de mensaxería:

23. CANARIAS SPORTS HOLIDAYS, S.L. (DOC. 210031832). Mostrs rexistradas en data 26.02.21
24. CPQ IBERICA, S.A. (DOC. 210031624). Mostrs rexistradas el 26.02.21
25. EFI HIGIENE, S.L.U. (DOC. 210032841). Mostrs rexistradas el 01.03.21"

A secretaria aclara que MA INVEST SPAIN 2018, S.L. presentou o Sobre D por correo postal con data de imposición na oficina de correos dentro de prazo de licitación e consta recepción de anuncio de remisión das mostras ao correo electrónico contratacion@vigo.org. No entanto non presenta o sobres A e C nin na Plataforma de Contratos nin no Rexistro Xeral.

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á descriptación e cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal" e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:45	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A14A-55DB8C-A73925-QSPFT6-4XK4TC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.
2. ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUIMICOS, S.L.
3. CELTA INGENIEROS, S.L.
4. CLICK COIN, S.L.
5. COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 S.L.
6. DARLIM, S.L.
7. GAMMA SOLUTIONS, S.L.
8. IRAGO EXCLUSIVAS Y DISTRIBUCION, S.A.
9. MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L.
10. MAPE ASESORES, S.A.
11. OFIPAPEL CENTER, S.L.
12. PAPEL AUTOMATIC, S.A.
13. PRODUCTOS MEDICOS HOSPITALARIOS, S.L.
14. QUIMICA FACIL, S.L.
15. TESIS GALICIA, S.L.
16. TIENDAS MARPI, S.L.
17. TORROVAL Y LOPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L.

b) Non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por non ter cumprido os requisitos esixidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares para a presentación das proposicións:

1. CANARIAS SPORTS HOLIDAYS, S.L. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)
2. CPQ IBERICA, S.A. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)
3. EFI HIGIENE, S.L.U. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)
4. IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (B-47.638.457) (non presenta o sobre D “Mostras”)
5. I+DEAS DIVISION COSMETICA, S.L. (B-47.692.348) (presenta o sobre D “Mostras” dentro de prazo pero non presenta os sobres A e C esixidos no PCAP.
6. ROYAL PROGRESS, S.L. (non presenta o sobre D “Mostras”)
7. SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (Presentadas en data de imposición na oficina de correos dentro de prazo de licitación pero sen que conste recepción de anuncio de remisión das mostras ao correo electrónico ofi.rexistro@vigo.org)
8. QUICELCO GALICIA 2020, S.L. (presenta os tres sobres a través do Rexistro Xeral. A documentación dos sobres A e C está descriptada, polo que non se garantiu o segredo das proposicións)
9. MA INVEST SPAIN 2018, S.L. (presentada en data de imposición na oficina de correos dentro de prazo de licitación. Consta recepción de anuncio de remisión das mostras ao correo electrónico contratacion@vigo.org. Pero non presenta o sobres A e C)

c) Outorgar un prazo de tres días a PAZ DISMAC, S.L. (lotes 1 e 2) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. A solvencia técnica declarada polo licitador non é suficiente para os dous lotes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:45	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A14A-55DB8C-A73925-QSPFT6-4XK4TC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



aos que se presenta (70% do prezo de cada lote, en total 91.740,41 euros). Se o licitador posúe a solvencia técnica esixida deberá presentar un novo DEUC onde declare outros contratos ou ben respondendo afirmativamente á pregunta recollida na Parte IV: Criterios de selección "a: *Indicación global relativa a todos los criterios de selección. Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos*".

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213)

A secretaria informa aos membros da Mesa do único licitador presentado a este procedemento (SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A.) segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A.
Prezo	118.643,08 €
Experiencia do instrutor/formador principal: Como técnico superior da Familia de Seguridade e Medio Ambiente (nº anos) con acreditación	+ 5 anos
Experiencia do instrutor/formador principal: Como técnico superior da Familia de Seguridade e Medio Ambiente (nº anos) sen acreditación	+ 10 años
Como enxeñeiro técnico na rama de Electricidade, Industrial e Química con experiencia acreditada con máis de 2 anos (si/non)	si
Experiencia do instrutor/formador de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente: (nº anos) con acreditación	+ 5 anos
Experiencia do instrutor/formador de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente: (nº anos) sen acreditación	+ 10 años
Propón incrementar en 1 instrutor/formador principal o mínimo esixido no apartado 5F desta FEC para a fase práctica da formación (si/non)	si

Non asiste público á sesión.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polo licitador.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica.

6.- Apertura económica e apertura de mostras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:45	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A14A-55DB8C-A73925-QSPFT6-4XK4TC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello e Vigo (6.527-241)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo para a emenda da documentación a un dos licitadores.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 1 de marzo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliábeil mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A.	84,25
2	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	81,31
3	TECUNI, S.A.U.	78,02
4	SIELVIGO, S.L.	71,14

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A. (A-15.032.725), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:45	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A14A-55DB8C-A73925-QSPFT6-4XK4TC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220)

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún membro da Mesa ten conflito de intereses con el.

A continuación lémbrese que con data do 12 de febreiro de 2021 notificouse ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., a resolución de clasificación e requirimento de documentación.

O licitador presentou documentación o último día do prazo, o 26 de febreiro. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. para que poida emendar a documentación presentada mediante a presentación da seguinte documentación:

- Solvencia económica: declaración do volume anual de negocios por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil. Considerarase acreditada a solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos é, cando menos, igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato (cláusula 8.4.3º do PCAP).
- Solvencia técnica: o licitador presenta unha declaración de clientes con pólizas de vida con destinatarios privados, polo que para entender acreditada correctamente a solvencia técnica conforme as esixencias da citada cláusula 8.4.3º do PCAP, deberá achegar *“os documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”*.
- Anexo IV do PCAP (designación de delegado do contrato e acordo de confidencialidade) esixido na cláusula 21.2 do PCAP.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún membro da Mesa ten conflito de intereses con el.

A continuación comunícase que con data 12 de febreiro se notificou a CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. a resolución de clasificación co requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP. Dentro do prazo concedido o licitador no presentou documentación ningunha, polo que de acordo co previsto no artigo 150.2 da LCSP, enténdese retirada a oferta e procede solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:45	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A14A-55DB8C-A73925-QSPFT6-4XK4TC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e da clasificación aprobada por resolución do 11 de febreiro de 2021, por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda a requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, EICROS GESTIÓN, S.L. (B-94.104.783), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:30 horas, logo dun receso de 45 minutos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:45	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A14A-55DB8C-A73925-QSPFT6-4XK4TC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		